



PARA OS/AS "GRANDES"



Vida de nai, con guión de Gemma Sesar e debuxos de Ramón Marcos. Ed. El Patito Editorial. Conta a historia dunha nai cunha filla e un fillo, sen axuda para atendelos e que ten una empresa que trata de sobreporse á crise.




Cadeas, de Xabier López López. Ed. Xerais. Premio Xerais de Novela 2013. É una novela na que hai un montón de historias: una historia de amor, a vida dos veraneantes na vila...



O bosque é grande e profundo, de Manuel Darriba. Ed. Xerais. As persoas teñen que volver ao monte, aprendendo a sobrevivir nun lugar cheo de misterio e perigos e tamén teñen que aprender a sobrevivir nunha cidade en guerra.

Acordes náufragos, de Antón Riveiro Coello. Ed. Galaxia. Libro de relatos, a maioría fantásticos, enfiados pola traxedia do naufragio e tocados case sempre pola vea amorosa e sentimental dos seus protagonistas. Ademais, recrean feitos históricos e lendas do río Limia.



PARA ESCOITAR E APRENDER



Toc Toc, de Pablo Díaz. Ed. Galaxia. Libro-disco cun montón de cancións nas que non teñen cabida os malos rollos e si a defensa do medio ambiente, a protección dos animais e todas as cousas que nos axudan a facer un mundo mellor.



Jardinería fácil para niños, de Jordi Font. Ed. Larousse. Danos os coñecementos para entender como son e como medran as plantas, para poder deseñar un xardín á súa medida.



¡Nos divertimos con la ciencia!, de Àngels Navarro. Ed. Combel. Un libro de experimentos sinxelos, divertidos e inofensivos que os/as máis pequenos/as podreán facer na casa, con materiais ao seu alcance.

Pan de millo, de Migallas Teatro. Ed. Kalandraka. Migallas Teatro anima a cantar e bailar a toda a familia neste libro-disco ilustrado, coa colaboración de prestixiosos músicos galegos.



A BIBLIOTECA DE FLORA




NESTE NADAL, FLORA RECOMENDA...

CEIP PEDRO CASELLES ROLLÁN


XOVE

PRIMEIROS/AS LECTORES/AS



Boas noites, bufo!, ilustrado por Pat Hutchins. Ed. Kalandraka. O bufo é o rei da noite e as abellas, os corvos, os estorniños, as pombas incordian o seu sono.

O grúfalo, de Julia Donaldson. Ed. Patastepeixe. Un ratiño vai creando un monstro terrible e divírtese asustando aos seus inimigos. Pero, que pasa cando o monstro se fai real?



Sopa verde, de Ângela Madeira. Ed. OQO. A formiga, o rato, o pato, o gato, o porco, o burro e unha vaca intentarán convencervos de que hai que comer variado.

Gato roxo Gato azul, de Jenni Desmond. Ed. Lata de Sal. Gato Azul e Gato Vermello vivían na mesma casa, un enriba e outro embaixo, pero cando se vían, non che era nada bo...




LECTORES/AS EN MARCHA




Bajo un tejado nevado, en Navidad, de Teresa Zatarain. Creutz Ediciones. Relatos que falan e contan historias destas datas.

O pequeno mago, de Roque Cameselle. Ed. Xerais. Ven coñecer a Bieito Dubidoso e á súa amiga Destreza, que se embarcarán en máxicas aventuras.



Demo de dente!, de Pep Bruno. Ed. OQO. Coñece as divertidas propostas do autor para arrincar un dente, aínda que non o garanta ao cento por cento.

O cazador e a balea, de Paloma Sánchez. Ed. OQO. Unha balea solitaria percorre o mar na busca da súa manda e un cazador perséguela sen parar ata darlle alcance.





As outras historias, de Paula Carballeira. Ed. Galaxia. Un libro que fala desas historias que non se ven, das que están agochadas e nin sequera se sabe que existen. Historias de había unha vez e de princesas e de pantasmas e de...

LECTORES/AS AVANZADOS/AS



Un mosquito de nome Henri, de Raúl Dans. Baía Edicións. Obra gañadora do X Premio Barriga Verde na modalidade infantil. Como se pode ser piloto sendo miope? Ven coñecer ao mosquito Henri.

Ouro negro, de Pereledi. Ed. Everest. A inspectora Nola recibe unha inqueda mensaxe no seu móbil: "se quere volver ver aos seus fillos e á súa irmá siga as miñas instrucións".



Cleopatra. Raíña do Nilo, de Marie de Prémonville. Baía Edicións. Coñece a vida excepcional que viviu Cleopatra desde o seu ascenso ao trono ata a súa norte.

O poder de Amabel, de Érica Esmoris. Ed. Sushi Books. Amabel quere ter superpoderes coma toda a súa familia, pero tense que embarcar en grandes aventuras para descubrir a súa habilidade extraordinaria.



O gato fantasma, de Xelís de Toro. Ed. Xerais. Rolo e Pestiña son moi amigos e sempre ao saír da escola van xuntos para a casa. Pero, aquel día no que todo comezou, pestiña non daba chegado á praza...